

## BANDO INFORMATIVO

### SOLICITUDE DE TARXETA DE BENVIDA PARA AS FAMILIAS CON FILLAS E FILLOS NADOS NO 2017

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA**, alcalde do Concello de Oroso

**INFORMA:**

Da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2017

**CONTÍA DA AXUDA**

Con carácter xeral, a contía total da axuda será de 1.200 € a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. No caso de adopción o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que se constituía a adopción e ata que o neno ou nena faga un ano. A axuda farase efectiva a través da tarxeta benvida. Esta tarxeta só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación, establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

**PERSOAS BENEFICIARIAS:**

Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017 e cumbran os demais requisitos establecidos na Orde do 23 de decembro de 2016, publicado do Diario Oficial de Galicia, núm. 249 do 30 de decembro de 2016.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950

Oroso, 9 de xaneiro de 2017

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

